

Abuso a unha menor

-Xoana, que che pasou que tes o ollo morado? Pregunta Pepe, o profe de mates.

-Nada, nada, foi cunha porta – contesta ela cravando a mirada no chan.

-Xoana, sabes que podes confiar en min?

-Si, si seino pero de verdade, non me pasou nada grave.

Cando Xoana saíu do colexio, recibe un golpe.

-Como lle digas a alguén que eu son quen che pega vas cobrar.

-Vale papá, non direi nada pero non me pegues por favor.

-Non me chames papá, sabes que non che quero como filla, nena parva.

Os dous vanse á súa casa pero non sabían que Pepe os estaba vendo e enseguida chamou a policía.

Chamada:

Pepe: Boas, podería pedir que dous gardas veñan mañá ao colexio de primaria de A Pobra do Caramiñal.

Garda: Si claro, pero por que?

Pepe: Eu son profesor, e unha das miñas alumnas está sendo abusada polo seu pai.

Garda: Ben, mañá estarán alí dous gardas, chao.

Fin de chamada

Ao día seguinte cando Xoana e mais o seu pai entraron no colexio os gardas tomaron ao pai de Xoana e puxéronlle as cadeas.

Garda: Queda vostede detido por abuso a unha menor.

Pai: Eu non lle fixen nada, verdade filla.

Xoana: Non, el mente, pégame todos os días!

Garda: Ven moza, virás con nós e levaremoste a un lugar de acollida.

Pepe: Non, eu encargareime dela.

Xoana: De verdade profe!

Pepe: Claro, non vou permitir que abusen dunha menor.

